

**ACTA 1ª DE APERTURA DE PROPOSICIÓNS DA CONTRATACIÓN MEDIANTE
PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE:
ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO HÍBRIDO ENCHUFABLE CERO EMISIÓNES.**

Asistentes:

Presidente: Pablo Lago Sanmartín, alcalde.

Vogais:

- Javier Nieves González, secretario do Concello.
- Ana Isabel Candame Areosa, interventora do Concello.
- María Dolores Torrado Ares, técnica de administración local.

Secretario: Julio Mallo Nieto, informático municipal.

En Brión a 24 de xullo de 2024, sendo as 9,00 horas, se procede na Casa do Concello, á apertura das proposicións presentadas optando ao procedemento referenciado.

Téndose realizado a licitación mediante anuncio no perfil de contratante do Concello, que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 05.07.2024, e rematando o prazo para presentación de ofertas o día 22.07.2024 inclusive, presentáronse as seguintes empresas:

1. HYUPERSA SANTIAGO S.L.

A continuación procedeuse á apertura das proposicións presentadas no arquivo ou sobre electrónico 1: Documentación e referencias técnicas non avaliadas automaticamente.

Analizada a documentación presentada para ver se a empresa presentada cumpre os requirimentos establecidos nos pregos, a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

1º) Admitir a oferta da empresa HYUPERSA SANTIAGO S.L., por cumprir os requirimentos establecidos nos pregos.

Acto seguido procédese a avaliar a oferta admitida, dándose o seguinte resultado:

1. HYUPERSA SANTIAGO S.L., que ofrece o seguinte:

- Equipo: O vehículo ofertado é de marca HYUNDAI, modelo TUCSON PHEV TGDI 1.6 265 CV 4 X 4 AT MAXX.

- Garantía e servizo post venda: A garantía do vehículo se prestará desde o servizo oficial HIUNDAI en Santiago de Compostela.

- Formación: horas, medios persoais e materiais: Se ofrece unha formación de dúas horas.

A Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

1º) Outorgar as seguintes puntuacións: Equipo: 20,00 puntos. Garantía e servizo post venda: 3,00 puntos. Formación: horas, medios persoais e materiais: 0,50 puntos.
Total puntuación: 23,50 puntos.

2º) Ao terse presentado só unha empresa, en virtude dos principios de eficacia e eficiencia realizar o acto público de apertura de ofertas económicas na Casa do Concello hoxe as 12,00 horas, debendo facelo público mediante anuncio no perfil.

Non formulándose reclamación de ningún tipo, esténdese a presente acta que logo da súa lectura, asina a Mesa de Contratación en proba de conformidade, do que como secretario, certifico.